

**DON LEOPOLDO MOURE GARCÍA, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.**

**CERTIFICADO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 30 de outubro de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“3. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DA “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO, IMPRESIÓN, ENCARTADO E ENSOBRADO DE CARTAS E NOTIFICACIÓNS (FORMATO SICER) XERADAS NA XESTIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS E A SÚA POSTERIOR ENTREGA AO OPERADOR POSTAL“ (EXPEDIENTE Nº AVS 02002 23/35) E ACORDOS COMPLEMENTARIOS (EXPEDIENTE CIVIDAS 2020038241). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Contratación, que textualmente di:**

“Con data 19.10.2023 a xefa de servizo P.S. de Contratación emitiu o seguinte informe-proposta sobre o asunto de referencia:

*“Dende o Servizo de Facenda e Patrimonio remitiuse á Unidade de Contratación a solicitude de inicio do expediente de licitación da **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO, IMPRESIÓN, ENCARTADO E ENSOBRADO DE CARTAS E NOTIFICACIÓNS XERADAS NA XESTIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS E A SÚA POSTERIOR ENTREGA AO OPERADOR POSTAL**, acompañando a documentación preparatoria do expediente que foi completada en data 17.10.2023.*

*O contrato ten por obxecto a prestación do Servizo de tratamento, impresión, encartado e ensobrado de cartas e notificacións (en formato SICER) xeradas na xestión e recadación dos tributos polo Concello de Ferrol, así como a súa posterior entrega ao operador postal, incluída a recepción dos arquivos de datos enviados por vía telemática, a impresión e manipulado de documentos, a súa clasificación e depósito ao operador postal que designe o Concello de Ferrol.*

*O artigo 106.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece que é competencia das Entidades Locais a xestión, recadación e inspección dos seus tributos propios,*

*Como se sinala na memoria xustificativa da necesidade de contratación, para levar a cabo a xestión e recadación dos tributos é necesario notificar aos obrigados ao pago as liquidacións tributarias, remitir os documentos de ingreso dos recibos, notificar actos de procedementos de xestión tributaria e recadatoria, etc. Dado que a prestación deste servizo esixe dispor de maquinaria específica así como de recursos humanos suficientes e non dispendo o Concello de Ferrol dos estes medios para levar a cabo este servizo, faise necesario licitar un novo procedemento para a súa contratación cunha empresa externa suficientemente especializada e cualificada que posibilite prestar o servizo coa maior eficacia posible.*

*En cumprimento do establecido nos artigos 28, 99, 116 e concordantes da LCSP constan incorporados ao expediente a memoria xustificativa da necesidade do contrato, de data 6.07.2023, redactada pola xefa de Servizo de Facenda e Patrimonio, na que se xustifica o obxecto do contrato, as necesidades a satisfacer e a insuficiencia de medios propios para a execución das prestacións; a providencia de inicio da concelleira delegada da área; o desglose xustificativo do orzamento de licitación, o Prego de Prescricións Técnicas e o informe relativo á proposta de criterios de solvencia, criterios de adjudicación e demais condicións do contrato, documentos todos eles asinados pola xefa de Servizo de Facenda e Patrimonio o 17.10.2023*

Incorpóranse ao expediente os Pregos de Cláusulas Administrativas de data 19.10.2023 redactados para este contrato pola xefa de servizo de contratación P.S. que, xunto cos Pregos de Prescricións Técnicas, rexerán a presente contratación.

Nos termos establecidos no artigo 29.4 LCSP, o presente contrato ten unha duración inicial de dous anos con posibilidade de prórroga anual por outros dous anos máis.

O orzamento base de licitación do contrato para os dous anos de duración inicial do contrato ascende á cantidade de 20.231,20 € (21 % IVE engadido) consonte o seguinte detalle:

	Importe sen IVE	Importe 21% IVE	Total (IVE incluído)
<b>ANO 1</b>	<b>Cartas Ordinarias :6500 € Notificacións PEE: 1600 € Notificacións agrupadas: 260 €  Total ano:8.360 €</b>	<b>Cartas Ordinarias :1.365 € Notificacións PEE: 336 € Notificacións agrupadas: 54,6 €  Total ano:1.755,6 €</b>	<b>Cartas Ordinarias : 7.865 € Notificacións PEE: 1.936 € Notificacións agrupadas: 314,6 €  Total ano:10.115,60</b>
<b>ANO 2</b>	<b>Cartas Ordinarias :6500 € Notificacións PEE: 1600 € Notificacións agrupadas: 260 €  Total ano:8.360 €</b>	<b>Cartas Ordinarias :1.365 € Notificacións PEE: 336 € Notificacións agrupadas: 54,6 €  Total ano:1.755,6 €</b>	<b>Cartas Ordinarias : 7.865 € Notificacións PEE: 1.936 € Notificacións agrupadas: 314,6 €  Total ano:10.115,60</b>
<b>TOTAL 2 ANOS</b>	<b>16.720,00 €</b>	<b>3.511,20 €</b>	<b>20.231,20 €</b>

O valor estimado do contrato, consonte o método de cálculo establecido no artigo 101 LCSP (tendo en conta a posibilidade de prórroga por outros dous anos máis e a modificación prevista de ata o 20% do prezo inicial) ascende á cantidade de 36.784 €.

O gasto derivado da presente contratación imputarase á aplicación orzamentaria 02002 9334 22799, consonte á seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	10.115,60 €
2025	10.115,60 €

Tendo en conta que a execución material do contrato comezará no exercizo 2024, o presente expediente tramitarase por anticipado de gastos, ao abeiro do disposto na disposición adicional terceira, punto 2, da LCSP, polo que a adxudicación deste contrato sométese á condición suspensiva da efectiva disposición de crédito adecuado e suficiente para cada unha das anualidades futuras.

De acordo coas características do contrato, o procedemento proposto polo departamento promotor para a súa adxudicación é o procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios obxectivos de adxudicación e tramitación ordinaria, consonte o establecido nos artigos 131, 159, 145 e 146 LCSP.

Segundo establece o artigo 117 LCSP, unha vez completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

A competencia para a aprobación do presente expediente corresponde á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, en virtude da delegación conferida por Resolución do Alcalde-Presidente de data 26/06/2023 (BOP nº 124 de 30.06.2023).

A aprobación do expediente irá precedida dos **informes favorables da Secretaría Xeral e da Intervención Municipal** ao abeiro do disposto na DA 3ª LCSP, apartados 3 e 8.

Examinado o expediente instruído e a documentación que se acompaña e de conformidade co establecido nos artigos 116, 117 e Disposición Adicional Segunda da LCSP, **proponse ao concelleiro delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos , Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación ca elevación á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente, da seguinte proposta de acordo:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación e os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexerán a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO, IMPRESIÓN, ENCARTEADO E ENSOBRADO DE CARTAS E NOTIFICACIÓNS XERADAS NA XESTIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS E A SÚA POSTERIOR ENTREGA AO OPERADOR POSTAL, e outorgarlle o seguinte número de expediente **AVS 02002 23/35**.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto correspondente a dita contratación por importe de 20.231,20 € (21% IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 02002 9334 22799, seguindo a tramitación anticipada prevista na DA 3ª da LCSP, de xeito que a adxudicación deste contrato sométese á condición suspensiva da efectiva disposición de crédito adecuado e suficiente para cada unha das anualidades futuras, consonte o seguinte detalle estimado de gasto:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	10.115,60 €
2025	10.115,60 €

**TERCEIRO.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aberto simplificado previsto no artigo 159 LCSP, con pluralidade de criterios obxectivos de adxudicación, tramitación ordinaria e proceder á publicación do correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Ferrol aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, así como dos documentos do expediente que conteñen a información á que se refire o artigo 63.3 LCSP.

**CUARTO.-** Encomendar ao Servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e tramitación do oportuno expediente.

No obstante, vostede decidirá o que considere mais oportuno.”

Visto o informe proposta transcrito e a documentación que o acompaña, ELEVÓ Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A SEGUINTE PROPOSTA:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación e os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexerán a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO, IMPRESIÓN, ENCARTEADO E ENSOBRADO DE CARTAS E NOTIFICACIÓNS XERADAS NA XESTIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS E A SÚA POSTERIOR ENTREGA AO OPERADOR POSTAL, e outorgarlle o seguinte número de expediente **AVS 02002 23/35**.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto correspondente a dita contratación por importe de 20.231,20 € (21% IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 02002 9334 22799, seguindo a tramitación anticipada prevista na DA 3ª da LCSP, de xeito que a adxudicación deste contrato sométese á condición suspensiva da efectiva disposición de crédito adecuado e suficiente para cada unha das anualidades futuras, consonte o seguinte detalle estimado de gasto:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	10.115,60 €
2025	10.115,60 €

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aberto simplificado previsto no artigo 159 LCSP, con pluralidade de criterios obxectivos de adxudicación, tramitación ordinaria e proceder á publicación do correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Ferrol aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, así como dos documentos do expediente que conteñen a información á que se refire o artigo 63.3 LCSP.

CUARTO.- Encomendar ao Servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e tramitación do oportuno expediente”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE